



## Departamento de Conxunto

# Programación de Música de Cámara

**Curso 2022-2023**

**CMUS PROFESIONAL DO CARBALLIÑO**

Praza Maior, 1, 32500 - O Carballiño (Ourense)

Tlfn.: 988 53 00 07 / Fax: 988 53 00 08

[cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal](mailto:cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal)

## Índice

<b>1.</b>	<b>Introdución</b> .....	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Obxectivos xerais das ensinanzas</b> .....	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>Obxectivos específicos das ensinanzas</b> .....	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b>Metodoloxía</b> .....	<b>5</b>
<b>5.</b>	<b>Atención á diversidade</b> .....	<b>7</b>
<b>6.</b>	<b>Temas transversais</b> .....	<b>8</b>
6.1.	Educación en valores .....	8
6.2.	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs) ..	9
<b>7.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</b> .....	<b>9</b>
<b>8.</b>	<b>Secuenciación por cursos</b> .....	<b>10</b>
8.1.	Curso: Quinto de Grao Profesional .....	10
8.1.1.	Obxectivos .....	10
8.1.2.	Contidos .....	10
8.1.3.	Avaliación.....	11
8.1.4.	Medidas de recuperación .....	13
8.1.5.	Recursos didácticos .....	13
8.2.	Curso: Sexto de Grao Profesional.....	14
8.2.1.	Obxectivos .....	14
8.2.2.	Contidos .....	14
8.2.3.	Avaliación.....	15
8.2.4.	Medidas de recuperación .....	17
8.2.5.	Recursos didácticos .....	17
<b>9.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</b> .....	<b>18</b>
<b>10.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</b> .....	<b>19</b>
<b>11.</b>	<b>Anexos</b> .....	<b>20</b>
11.1.	Probas de acceso a Grao Profesional .....	20
11.2.	Avaliación inicial .....	20
11.3.	Música de Cámara na especialidade de canto .....	20
11.3.1.	Terceiro curso .....	21
11.3.2.	Cuarto curso.....	22
11.3.3.	Quinto curso.....	22
11.3.4.	Sexto curso .....	23

## 1. Introducción

- **Lei orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o **Decreto 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. *Este decreto regula o currículo das ensinanzas profesionais de música consonte o establecido no artigo 48.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e integra o establecido no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música.*

A práctica da música de cámara durante o período de estudos correspondente ás ensinanzas profesionais de música responde a un conxunto de necesidades do alumnado de música que dificilmente poden ser atendidas se non é a través desta actividade. A actividade camerística supón o vehículo fundamental para integrar e poñer en práctica unha serie de aspectos técnicos e musicais cuxo aprendizaxe a través dos estudos instrumentais e teóricos posúe forzosamente un carácter analítico que debe ser obxecto dunha síntese ulterior a través da práctica interpretativa.

A práctica da música de cámara cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en todos os seus aspectos. O repertorio camerístico constitúe o medio idóneo para que o alumno e a alumna desenvolvan o sentido da afinación, desenvolvemento que non pode deixar de ser intuitivo e mimético, que se resiste a ser ensinado ou transmitido por métodos racionais e que require unha longa praxe musical, preferentemente en conxunto.

Unha das características fundamentais da práctica camerística é a ausencia de director ou directora. Iso obriga a desenvolver as competencias necesarias de comunicación visual e xestual entre os membros do grupo, aprender a valorar a importancia da respiración conxunta, establecer criterios comúns de interpretación e, en definitiva, favorecer o desenvolvemento dunha nova dimensión da interpretación baseada na co-dirección. Así mesmo, o exercicio da música de cámara estimula a

capacidade -imprescindible para todo músico para escoitar os outros instrumentos mentres se toca o propio e para desenvolver o sentido de «sonoridade do conxunto».

Desde un punto de vista musical, a práctica camerística é imprescindible para a maduración dun músico no terreo da expresividade e a emotividade, posto que supón un campo idóneo para que a capacidade afectiva do futuro músico xurda na súa interpretación, feito que debe ser propiciado canto antes. Pola súa vez, o intercambio de ideas e a confrontación entre diversos puntos de vista interpretativos resulta sumamente formativa e estimulante para un instrumentista en período de formación, colabora ao desenvolvemento da capacidade analítica e fomenta a que a interpretación responda a unha idea musical e transcenda o nivel de mera lectura. Asemade, a práctica e o coñecemento do repertorio de cámara supón un paso decisivo no coñecemento do repertorio do instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.

En suma, o cultivo da música de cámara resulta absolutamente complementaria da formación instrumental, permitindo a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos na clase de instrumento, dentro dunha actividade que, por mor do seu carácter lúdico, permite a práctica musical en condicións ideais de espontaneidade e distensión.

## 2. Obxectivos xerais das ensinanzas

Os estudos musicais no Grao Profesional terán como obxectivo contribuír ao desenrolo das seguintes capacidades no alumnado:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable o enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### 3. Obxectivos específicos das ensinanzas

A ensinanza da práctica de Música de Cámara no grao profesional terá como obxectivo contribuír ou desenvolvemento das seguintes capacidades no alumnado:

- a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

### 4. Metodoloxía

Destacará pola especial atención o concepto de “estratexias de ensinanza-aprendizaxe”, facendo referencia a selección que fai o profesorado dunha determinada metodoloxía nun momento concreto.

O alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe, experimentando e descubrindo por el mesmo, actuando o profesorado como guía-orientador.

- **Activa:** é aquela na que o alumnado é o protagonista do súa propia aprendizaxe, observando e experimentando por si mesmo. O profesorado toma o papel de guía-orientador.
- **Individualizada:** as estratexias adaptaranse as necesidades e características particulares de cada estudante atendendo a diversidade de estilos e ritmos de aprendizaxe.
- **Participativa:** o alumnado participa activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, construíndo os seus propios coñecementos.
- **Progresiva:** porque vai do máis sinxelo o máis complicado.
- **Flexible:** adáptase á diversidade de ritmos de aprendizaxe de cada estudante.
- **Motivadora:** capta o interese do alumnado e anímalle a aprender.
- **Integradora:** relaciona todos os coñecementos nunha mesma dirección, o desenrolo musical do alumnado.

A clase semanal cun grupo amplo de alumnos permite facer un seguimento colectivo do alumnado tanto no rendemento do conxunto como na progresión do seu estudo individual. Dito seguimento permitirá a adecuación e personalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do grupo e os seus integrantes.

Tendo en conta que a clase consta dunha hora e media semanal, tempo que queda escaso especialmente nos alumnos dos cursos máis avanzados, a optimización das sesións deberá ser unha prioridade. Polo tanto, parte do tempo de clase dedicárase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual e nos ensaios da formación, tanto nos aspectos técnicos como nos musicais.

Doutro lado, a puntualidade é un aspecto importante na dita optimización do tempo, polo que tratarase de formar unha conciencia da importancia da mesma e da necesidade de previsión da preparación dos instrumentos, a súa afinación e a propia adaptación da disposición da aula, que require dun certo tempo.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo e ensaio eficientes serán obxectivos prioritarios a

desenvolver no alumno. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante da materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumnado é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas máis eficientes a aplicar en cada caso. Entre o alumnado de orquestra/banda coexisten individuos cunha clara orientación cara á dedicación profesional á música e os que se van dedicar a outros estudos superiores. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación nun caso e a potenciar a súa implicación e responsabilidade no outro.

## 5. Atención á diversidade

### Alumnado Estranxeiro

As dúas dificultades apreciáveis no tratamento do alumnado estranxeiro, son o idioma e o posible choque cultural. No primeiro caso, intentaranse solventar os problemas que xurdan mediante a tradución simultánea ou posterior. No segundo, é cuestión de certa adaptación mutua fomentando o respecto polas tradicións propias da cultura e fomentando a integración no novo ámbito sociocultural.

### Altas capacidades

Defínese ao individuo con altas capacidades como aquel que posúe aptitudes excepcionais e é, por elo, capaz dun rendemento superior á media. O Real decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderían adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específicas para dito alumnado.

### Alumnado con discapacidade

No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das

persoas con discapacidade, os centros escolares deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, as devanditas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos de cada curso.

## 6. Temas transversais

### 6.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos, que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social, son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados nas clases desta materia.

- Manter a ilusión por superarse a diario.
- Valorar adecuadamente la importancia musical dos recursos técnicos. Tratar de ampliar os seus gustos musicais.
- Manter unha actitude de respecto de cara os demais.
- Manter una actitude de respecto de cara ás interpretacións do resto do alumnado e outros. Coidar adecuadamente os recursos materiais utilizados e as instalacións.
- Valorar e practicar as normas básicas de aseo e comportamento.



## 6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TICs, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou Google Drive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

## 7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Os alumnos participarán nas audicións públicas da materia sempre que teñan o seu repertorio listo para ser presentado ó público. Dada a variedade e abundancia de profesorado que imparte Música de Cámara, estas actuacións poden realizarse en

audicións propias do departamento (unha ou dúas por trimestre) ou dentro de audicións doutras especialidades instrumentais.

Poderanse organizar desde o departamento ou a aula da especialidade un ou varios cursos / master-class ao longo do curso. A asistencia aos ditos cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.

Así mesmo, o departamento pode organizar actividades externas ao centro en colaboración con outras institucións culturais así coma a realización de intercambios con outros conservatorios ou centros musicais, que constitúen un magnífico escaparate cara o noso entorno social.

## 8. Secuenciación por cursos

### 8.1. Curso: Quinto de Grao Profesional

#### 8.1.1. Obxectivos

- a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

#### 8.1.2. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agóxica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.

- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Conxunto de instrumentos monódicos.
- Cuarteto de corda: igualdade de son nos distintos ataques do arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.
- Quinteto de vento: igualdade nos ataques, articulación, fraseo, etcétera. Respiración, afinación e vibrato.
- Conxunto de metais: práctica camerística en formacións diversas.
- Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Voz e piano: acompañamento ao canto.
- Equilibrio de cordas, vento e piano. Articulación, afinación, fraseo, etc.
- Estudo de obras de cámara con clavecín ou instrumento polifónico obrigado.
- Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamento de un ou varios solistas.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

### 8.1.3. Avaliación

#### Criterios de avaliación

- 1) *Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente.* Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- 2) *Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.* Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.

- 3) *Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.* Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- 4) *Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado.* Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- 5) *Interpretación pública de obras de estilos e épocas diversas.* Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

#### Mínimos esixibles

Interpretar un repertorio de 30 minutos de duración aproximada; con obras programadas durante o curso, coa corrección musical e a técnica adecuada, atendendo aos obxectivos e contidos marcados para a materia.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a realización da avaliación continua utilizarase un diario de aula co Traballo individual do alumnado, audicións de aula, ou actividades como audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo profesorado, cursos, intercambios, etc.

#### Criterios de cualificación

- A actitude fronte á materia valorarase ata un 30%.
- Os aspectos dende o punto de vista interpretativo valoraranse ata un 70%.

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnado deberá ter superados os obxectivos marcados para o seu curso e demostrar a capacidade de poder acadar a consecución dos obxectivos do curso seguinte.

#### **8.1.4. Medidas de recuperación**

Seguindo o proceso de avaliación continua, perseguirase a superación dos obxectivos o antes posible ó longo do curso, para poder pouco a pouco centrarnos nos do curso superior, superando a final de curso os mínimos esixibles.

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para recuperar a materia deberase demostrar mediante os materiais existentes na programación do curso o pleno dominio da materia. Os criterios para a consecución do aprobado son os propios do curso.

##### Probas extraordinarias de xuño

Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no “informe de avaliación negativa”.

Para a superación da proba, teranse en conta os mínimos esixibles do curso correspondente.

A persoa aspirante debe concorrer co grupo oportuno para a realización da partitura ca que se presente, facéndose cargo do mesmo.

#### **8.1.5. Recursos didácticos**

Algunhas das obras interpretadas en cursos anteriores:

- Trío Op. 76, F. Mendelssohn
- Dúo para trompeta e trompa Nº III, W. Kopprasch
- Seis duetos Op.8, para dúas violas, I. Pleyel
- Souvenirs de Munich, E. Chabrier
- Romance, E. Elgar
- Menuet, para contrabaixo e piano, M. Dare
- Peza de Concerto, Op. 88, A. Gilmant
- Tres pezas para trompeta e trombón, A. Frackenpohl
- Eine Kleine Nachtmusic k.525 (Romance), W. A. Mozart
- Sonata, J. B. Loeillet

- Conversations for 2 flutes, R. Bennett
- Waltzer Op.39 (N.2, N.3), J. Brahms
- Concertstuecke nº2 Op.114, F. Mendelssohn
- Sonata I en Fa maior ZWV 181,1, J. Dimas Zelenka
- Divertimento en Sib M KV. ANH 229 (439B), W. A. Mozart
- Elegie op.40 nº 4, A. Nikolsky
- Chanson Triste, S. Koussevitzky
- Duetto per flauta e chitarra Op17, L. Moretti
- Andante sostenuto – Rondó Sonata, D. Cimarosa
- Tango, J. M. Zenamon
- Sonata N.1, C. P. E. Bach
- Arrival of the Queen of Sheba, G. F. Handel

## 8.2. Curso: Sexto de Grao Profesional

### 8.2.1. Obxectivos

- a) Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.

### 8.2.2. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.

- Agóxica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Conxunto de instrumentos monódicos.
- Cuarteto de corda: igualdade de son nos distintos ataques do arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.
- Quinteto de vento: igualdade nos ataques, articulación, fraseo, etcétera. Respiración, afinación e vibrato.
- Conxunto de metais: práctica camerística en formacións diversas.
- Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Voz e piano: acompañamento ao canto.
- Equilibrio de cordas, vento e piano. Articulación, afinación, fraseo, etc.
- Estudo de obras de cámara con clavecín ou instrumento polifónico obrigado.
- Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamento de un ou varios solistas.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

### **8.2.3. Avaliación**

#### Criterios de avaliación

- 1) *Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente.* Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- 2) *Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.* Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos

necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.

- 3) *Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.* Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- 4) *Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado.* Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- 5) *Interpretación pública de obras de estilos e épocas diversas.* Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.
- 6) *Interpretación pública dunha obra contemporánea con formación instrumental heteroxénea.* Mediante este criterio preténdese comprobar o grao de comprensión da linguaxe contemporánea, o coñecemento de efectos e grafías, así como o equilibrio sonoro dentro dun conxunto de instrumentos de morfoloxías diversas e pouco habituais.

### Mínimos esixibles

Interpretar un repertorio de 30 minutos de duración aproximada; con obras programadas durante o curso, coa corrección musical e a técnica adecuada, atendendo aos obxectivos e contidos marcados para a materia.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a realización da avaliación continua utilizarase un diario de aula co Traballo individual do alumnado, audicións de aula, ou actividades como audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo profesorado, cursos, intercambios, etc.

### Criterios de cualificación

- A actitude fronte á materia valorarase ata un 30%.
- Os aspectos dende o punto de vista interpretativo valoraranse ata un 70%.



### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnado deberá ter superados os obxectivos marcados para o seu curso e demostrar a capacidade de poder acadar a consecución dos obxectivos do curso seguinte.

#### **8.2.4. Medidas de recuperación**

Seguindo o proceso de avaliación continua, perseguirase a superación dos obxectivos o antes posible ó longo do curso, para poder pouco a pouco centrarnos nos do curso superior, superando a final de curso os mínimos exixibles.

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Para recuperar a materia deberase demostrar mediante os materiais existentes na programación do curso o pleno dominio da materia. Os criterios para a consecución do aprobado son os propios do curso.

#### Probas extraordinarias de xuño

Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no “informe de avaliación negativa”.

Para a superación da proba, teranse en conta os mínimos esixibles do curso correspondente.

A persoa aspirante debe concorrer co grupo oportuno para a realización da partitura ca que se presente, facéndose cargo do mesmo.

#### **8.2.5. Recursos didácticos**

Algunhas das obras interpretadas en cursos anteriores:

- Trío Op. 76, F. Mendelssohn
- Dúo para trompeta e trompa Nº III, W. Kopprasch
- Seis duetos Op.8, para dúas violas, I. Pleyel
- Souvenirs de Munich, E. Chabrier
- Romance, E. Elgar

- Menuet, para contrabaixo e piano, M. Dare
- Peza de Concerto, Op. 88, A. Gilmant
- Tres pezas para trompeta e trombón, A. Frackenpohl
- Eine Kleine Nachtmusic k.525 (Romance), W. A. Mozart
- Sonata, J. B. Loeillet
- Conversations for 2 flutes, R. Bennett
- Waltzer Op.39 (N.2, N.3), J. Brahms
- Concertstueke nº2 Op.114, F. Mendelssohn
- Sonata I en Fa maior ZWV 181,1, J. Dimas Zelenka
- Divertimento en Sib M KV. ANH 229 (439B), W. A. Mozart
- Elegie op.40 nº 4, A. Nikolsky
- Chanson Triste, S.Koussevitzky
- Duetto per flauta e chitarra Op17, L. Moretti
- Andante sostenuto – Rondó Sonata, D. Cimarosa
- Tango, J. M. Zenamon
- Sonata N.1, C. P. E. Bach
- Arrival of the Queen of Sheba, G. F. Handel

## 9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma continua o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos e conxuntas dos grupos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento e ensaios, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así

mesmo, para un bo desenvolvemento da acción titorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno e grupo.

O departamento coordinará co resto de departamentos da Comisión de Coordinación Pedagóxica o desenrolo das Programacións Didácticas no conxunto das ensinanzas.

## **10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo do instrumento, realización de ensaios, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificaranse criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos e os grupos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.

## 11. Anexos

### 11.1. Probas de acceso a Grao Profesional

Para tódolos cursos, os alumnos deberán realizar un exame lectura a vista dun ou varios pasaxes propostos polo tribunal. Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Os aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 50%.
- Os aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 50%.

### 11.2. Avaliación inicial

Se procederá a realizar unha avaliación inicial da agrupación para determinar o nivel co que inician o curso e propoñer unha relación de pezas que se adecúen e propicien un axeitado desenvolvemento da mesma.

### 11.3. Música de Cámara na especialidade de canto

A xustificación para realizar unha programación de música de cámara de canto diferenciada doutras especialidades instrumentais, está baseada no Anexo II na introdución á materia de música de cámara, do **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo dos ensinos profesionais de réxime especial de música que di: A interacción entre diversos instrumentistas, ou entre a voz e piano no caso da especialidade de canto. A Música de cámara, é aquela composta para un pequeno grupo de instrumentos. O nome ven dos espazos onde ensaiaban pequenos grupos de músicos durante la Idade Media e o Renacemento. A esas habitacións, non moi grandes, chamábanse cámaras.

O termo de música de cámara propiamente dito aparece por primeira vez no barroco. É o termo para referirse á música dos pequenos conxuntos ou instrumentos solos, escrita para interpretarse baixo circunstancias caseiras, nun salón ou nunha pequena estanza para unha audiencia limitada ou sen a necesidade dunha audiencia.

O termo aplicase ás interpretacións instrumentais, polo que os madrigais do período renacentista do 1500 non se poden considerar como música de cámara.

A música de cámara é un tipo de composición onde a voz non se inclúe de maneira clara, pois tanto a música a capela como a música anterior ó século XIX non pertencía á música de cámara, no primeiro caso porque non hai música instrumental e no segundo porque so é música instrumental, salvo excepcións.

Por todo o anteriormente exposto considerárase a música de cámara como clase individual con piano acompañante baseando o traballo nas obras do repertorio asignado para cada curso e facendo especial fincapé nas cancións de concerto (lied, chanson, arias da cámara, canción de concerto española...).

### 11.3.1. Terceiro curso

#### Obxectivos:

- Incluir no repertorio o traballo do Lied, para empezar a entender os principios de interpretación (Schumann, Schubert, Brahms...).
- Incluir no repertorio arias de oratorio (Bach, Mendelssohn, Haydn...) para tomar contacto con todos os estilos musicais existentes.
- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agónica e dinámica.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

#### Contidos específicos:

- Dúas arias de ópera estranxeira.
- Dúas romanzas de teatro lírico español.
- Dúas cancións de concerto españolas.
- Dúas cancións de cámara do século XIX (R. Schumann, F. Schubert, V. Bellini, G. Donizetti, G. Verdi...).
- 1 aria de oratorio ( J. S. Bach, F. Mendelssohn, G. F. Händel...).

### 11.3.2. Cuarto curso

#### Obxectivos:

- Traballo máis profundo das obras de concerto españolas para mellor coñecemento dese estilo.
- Seguir a traballar o Lied, ópera, oratorio e Zarzuela.
- Traballo de números de conxunto (dúos, tríos, concertantes...).
- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agóxica e dinámica.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

#### Contidos específicos:

- Dúas arias de tipo oratorio.
- Dúas arias de ópera estranxeira.
- Dous romanzas de teatro lírico español.
- Dous lieder ou chanson.
- Dúas cancións de concerto españolas.
- Un número de conxunto.

### 11.3.3. Quinto curso

#### Contidos:

- Continuación da liña do cuarto curso centrando o traballo na canción estranxeira para mellor coñecemento dese estilo e desenvolvemento das facultades interpretativas.
- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo e

fraseo.

- Agóxica e dinámica.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

Contidos específicos:

- Dúas arias de ópera.
- Dous romanzas de Zarzuela.
- Dúas arias de obras tipo oratorio ou cantata.
- Cinco lieder ou chanson se é posible dun mesmo ciclo.
- A lo menos un número de conxunto dun dos estilos sinalados.

**11.3.4. Sexto curso**

Contidos:

- Recompilación de obras de cursos anteriores para mellor análise de cada unha delas, así como traballo de novas obras que abarquen todo o rexistro e de dificultade interpretativa en función de cada tipo de voz
- Distinción clara de cada un dos estilos
- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo e fraseo
- Agóxica e dinámica.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos
- Equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións

Contidos específicos:

- Dúas arias de ópera
- Dúas romanzas de Zarzuela
- Dúas arias de tipo oratorio ou cantata
- Tres cancións de concerto españolas
- Tres lieder ou chanson se é posible dun mesmo ciclo
- Un aria antiga con traballo de distintos tipos de adornos como traballo de aula
- A lo menos un número de conxunto dun dos estilos sinalados